

CURSO “Deseño de Novas Liñas de Negocio: Da idea ao produto que o teu cliente quere”

8 horas. Presencial

Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegá



Colabora



Imparte



CURSO “Deseño de Novas Liñas de Negocio: Da idea ao produto que o teu cliente quiere”

- Esta actividade está dirixida a persoas emprendedoras e responsables de pequenas empresas que queiran explorar novas liñas de negocio, desenvolver produtos ou servizos máis axustados ao mercado ou reformular a súa proposta de valor. A través dunha metodoloxía visual, creativa e centrada na acción, trabállase o paso a paso que leva dunha idea inicial a un concepto de produto claro, viable e centrado no cliente.
- A formación combina ferramentas de deseño estratéxico, pensamento visual e prototipado rápido para facilitar a creación de solucións novas, realistas e aliñadas co que o mercado realmente demanda. Cada sesión integra espazos de reflexión individual, construción de modelos, traballo en equipo e validación práctica das propostas.

CURSO “Deseño de Novas Liñas de Negocio: Da idea ao produto que o teu cliente quiere”

Sesión 1. Ver o que o cliente necesita: detectar oportunidades reais (4h)

Obxectivo: Comprender quen é o cliente, como actúa e que necesidades aínda non están cubertas.

Descrición: A sesión parte da análise do cliente para identificar espazos de oportunidade. Explóranse hábitos, frustracións e desexos non satisfeitos. A parte práctica baséase na representación visual dos perfís de cliente e das situacións nas que se poden xerar novas solucións de valor.

Sesión 2. Construír ideas que teñen sentido: da intuición ao concepto (4h)

Obxectivo: Transformar oportunidades en propostas de valor concretas. Representar as ideas para avaliar o seu potencial e viabilidade.

Descrición: Nesta sesión trabállase sobre as necesidades identificadas para xerar ideas de produto ou servizo e darlles forma a través de modelos visuais. Analízase o encaixe entre a proposta e o perfil do cliente. A parte práctica céntrase na construción dun primeiro modelo conceptual da idea, que inclúe o seu funcionamento, impacto e diferenzas fronte á competencia. Farase un deseño visual de prototipos, que permiten mostrar como funcionaría a proposta sen necesidade de grandes investimentos. Explóranse diferentes formatos para representar servizos, produtos ou experiencias.

CURSO “Deseño de Novas Liñas de Negocio: Da idea ao produto que o teu cliente quere”

Modalidade: Presencial. Sede Cofer A Malata

Datas: 20 e 21 de novembro.

Horario: De 9,30 a 13,30 h.

Imparte: IMPLICATUM

Información e inscricións:

- 981 333 305 / 981 333 322
- Inscrición gratuíta | Prazas limitadas | Dirixido a traballadores por conta allea, propia e desempregados.
- Inscrición: <https://forms.gle/hjAPbBydeiJr6BJN7>